

ANDREA, A NENA MARABILLA

ANDREA BRANDAO

Mario do Severo pasoume este
librazo e decidín editalo.

ANDREA, A NENA MARABILLA fue maquetado por dolores fragueiro en barcelona el 3 de julio de 2021 entre las 2:22 y las: 4:05

este libro se editó en el taller de hiperpublicación 100/24, un proyecto de investigación y experimentación artística de la escocesa.

ed. artefactos nativos

Capítulo 1

Regresar

Nunha cidade moi afastada había unha nena moi guapa e que tiña un poder o que non todo o mundo o ten. O seu poder e mover as cousas coa mente. Este poder era moi pouco visto, pero de verdade era moi bo.

Andrea escondía o seu poder por que tiña medo.

Pasábao moi mal no colexio por que as nenas mais populares se burlaban de ela, pero as nenas mais populares non sabían con quen se están metendo por que Andrea non deixaba que se meteran con ela. Facía un plan para que superan que con Andrea non se mete NINGUÉN.

JAJAJAJAJA

Esa é a risa malvada de Andrea.

Ao día seguinte Andrea empezou o seu plan para as nenas mais populares.

Todo este plan empezou na cafetería esperando a que esas nenas viñesen. Andrea puxo un cubo cheo de leite e o puxo encima da porta para que cando chegasen as nenas mais popula-

res se lle caese encima, así que esperou a que chegasen e cando xa estaban a punto de entrar, Andrea nada mais tiña que mover o cubo coa mente.

POM!!

Ese foi o son da doce vinganza de Andrea.

Andrea empezou a rir.

JAJAJAJAJAJA!!!!

Todo o mundo quedou mirando para as nenas cheas de leite e tamén se empezaron a rir.

JAJAJAJAJA

JAJAJAJAJA

As nenas se marcharon correndo para os baños, e despois, as nenas que eran populares pasaron a ser as nenas normais.

Andrea seguiuñas ata os baños e díxolles:

- Para que saibades que con Andrea non se mete NINGUÉN.

- Si, si... vamos a ver como o toman os mestres.

- Dixeron as nenas.

-E como vas a demostrar que fun eu se eu estaba sentada e todo o mundo me mirou? -

Respondeu Andrea.

-Non sei pero xúroche que isto que fixeches valo a lamentar.

Andrea marchouse do baño e foi para a seguinte clase que era de Lingua Galega co o mestre mais divertido do colexio que se chama

Mario, ou como Andrea o chama, o mestre con flow.

JAJAJAJA

Ese día Andrea, como había un exame e non lle gusta estudar, fixo unha chuleta e a levouna a o colexio no medio do exame. Achegouse o mestre e pillouna.

- Andrea, que fas cunha chuleta!!! - Berroulle o mestre.

- Mestre e que coidei a miña nai por que esta moi mala. - Díxolle Andrea ao mestre con cara de asustada

- Vale Andrea pero non o volvas a facer.

Andrea dixo que vale. Despois de esa clase foi o recreo e mirou a un home que estaba no recreo.

- Mestre, quen e ese home?

- É un novo profesor. - Contestou o mestre.

- Vale mestre, grazas por dicirmo.

Despois do recreo tiñan unha clase co novo mestre para coñecelo. O novo mestre se chamábase Ramiro e viña de Ourense.

Andrea despois de esa clase foi o baño e escoitou a o novo mestre falar por telefono.

- Xa estou dentro do colexio só falta facer que a boten.

Andrea foise correndo e foi xunto as súas compañeiras a contarlles o que escoitou. Decidiron contarllo a o profe máis bo de todo o colexio,

o mestre con flow.

O mestre foi falar coa directora e a directora dixo que ía falar con el.

A directora chámase Elisa, é moi boa, creo que lle supera ao mestre.

Elisa chamou a Ramiro e falou con el. Eu máis o profe e as miñas compañeiras esperamos fóra.

Dentro do despacho escoitouse como se tirasen algo. Entón decidimos entrar e encontramos a Elisa chea de sangue. Ramiro estaba ao lado do corpo.

Ramiro ameazounos con culparnos do asasinato da morte de Elisa.

As miñas compañeiras empezaron a chorar e o mestre decidiu chamar á policía porque o que non sabía Ramiro é que había cámaras no despacho.

Ramiro foi para a prisión e non nos volveu a molestar.

Capítulo 2

A volta de Ramiro

Pasaron 25 anos desde que mataron a Elisa. Pasaron moitas cousas. Xa vivo cunhas amigas.

Hoxe vou a visitar o colexio onde ía antes.

O primeiro sitio que fun foi ao despacho de Elisa. Nada mais entrar recordei o corpo de Elisa aí tirado, cheo de sangue. Fun ao patio e había un mestre, entón achegueime para presentarme pero sabedes quen era....

Era Ramiro!! xa saíra do cárcere!!

Ramiro non sabía que era Andrea, pero Andrea si sabía que era Ramiro.

- Ola chámome Natalia. - Díxolle Andrea nerviosa por se Ramiro recoñecía a súa verdadeira identidade.

- Ola, eu chámome Ramiro, encantado de coñecerte. Perdoa coñecémonos? É que me soas de algo.

- Non, eu polo menos non te coñezo.

Andrea marchou a ver todo o colexio.

Andrea entrou na súa aula, e sabedes a

quen se encontrou? Ao mestre con flow.

- Ola mestre con flow, non te acordas de min?

- Andrea??? Es ti?

- Si, son eu, pero chámame Natalia. Sabes que Ramiro está neste colexio, verdade?

O mestre quedouse asustado, como se lle pasara algo.

- Si, pero teño moito medo por se volve a matar. Así que me inventei outro nome e fágome chamar Manuel.

- Temos que facer algo mestre.

Andrea buscou por internet a compañeiras que foron a súa clase. E, xa encontradas, fáloulles por Instagram.

- Ola Tania, chámome Andrea. Non sei se te acordas de min pero non sei si te acordas tamén de cando fomos en 5º de primaria, que mataron a Elisa a directora, que foi un mestre novo que se chamaba Ramiro.

Tania tardou un pouco en responder.

- Ola Andrea, si que me acordo de ti pero sorprendeume a túa mensaxe. Despois de 25 anos...

Si, lémbrome do asasinato de Elisa e tamén de Ramiro, pero o que non entendo é que pasa e porque me falas diso.

- Por aquí non cho podo contar - respondeulle Andrea – Pero vouche explicar un pouco o que pasa. Vin ao colexio a ver que tal estaba e en-

contreime con Ramiro no patio. Tiven que inventarme un nome falso pra que non me recoñecera. Despois fun á que era a nosa aula e atopeime co mestre Mario, que lle preguntei se sabía que era Ramiro o que estaba abaixo. El díxome que si, pero que tiña moito medo por se o recoñecera. Entón tívose que inventar un nome falso, por iso che contei isto por se podías vir aquí e pensar que podemos facer para que volva a prisión.

Elia respondeu.

- Vale Andrea, eu vou aí, pero vou a ter que inventarme un nome falso. Andrea teño unha pregunta para ti.

- Que pregunta? - Díxolle Andrea.

- Andrea, ti tes poderes e fuche ti quen lle tirou aquela vez ás mais populares ese caldeiro de leite.

- Non cho podo responder por aquí - contestou Andrea - pero cando chegues dígoche se fun eu ou se non fun eu.

Despois de 20 minutos esperando por Tania, xa chegara.

- Ola amiga!! - Díxolle Andrea.

De pronto, Ramiro entra e dilles.

- Ola Natalia, como se chama a túa amiga?

- Chámase Iria. - Respóndelle Andrea.

- Ah, ola Iria, encantado de coñecerte. Eu chámome Ramiro.

-Ola Ramiro, encantada eu tamén.

Andrea e Tania foron para a clase de 5º e faláron co mestre. De súpeto mentras falaban chegou Ramiro.

- Ola Manuel, podes vir aquí un segundo? e que quero falar contigo un momento. - Dixo Ramiro.

Mario foi con medo. Andrea e máis Tania quedaron dentro da clase. Andrea achegouse á porta e escoitou que Ramiro lle dixo a Mario que sabía quen era e que non facía falta que se inventara outro nome.

Andrea coa súa mente fixo que se puxese malo, entón foi cando Andrea lle contou a Tania a verdade.

- Si, teño poderes. Podo controlar todo coa mente. Pero Tania, non podes dicir nada por que non sei que pasaría.

- Vale Andrea, te prometo que non vou a contar nada.

Mentres tanto, o mestre Mario falaba con Ramiro.

- Estas ben Ramiro?

-Que me fixeches? - Berrou Ramiro.

-Eu? Eu non fixen nada.

Mario marchou correndo para clase, cerrou a porta e preguntoulle a Andrea e a Elia.

-Andrea tesllo que contar. - Dixo Tania.

- Vale, cóntollo. - Aceptou Andrea. - Teño poderes. Son capaz de controlar todo coa mente e fun eu quen fixo que Ramiro se puxera malo.

De pronto, pasa algo que nos deixou coa boca aberta.

Abriuse a porta e a que non sabedes quen entrou.

Entrou a directora de fai 25 anos, Elisa.

Capítulo 3

Elisa está viva

Todos eles quedaron coa boca aberta.

- Elisa? Estas viva! - Exclamou Andrea.

- Si, por sorte si. Resulta que foi un accidente grave pero os enfermeiros salváronme a vida e por iso estou aquí. O único é que teño que ter coidado por se me ve Ramiro, por iso levo unha máscara para que non me recoñeza.

De pronto entra Ramiro.

- Quen e esa muller? - Preguntou.

- É miña nai que viu con migo a ver o colexio. -Respondeu Andrea.

- Vale, chao. Vou comer. - Dixo Ramiro.

Todos se despiden del.

Ramiro marcha e Tania decide falarlle a todos os compañeiros e compañeiras que foron na súa clase.

Elia que e a que peor me caía por que era un otaku y se calquera dicía algo malo xa se poñía contra eles.

Ruth que era outra das populares.

Lara que tamén era outra das populares.

Carla que era a mellor amiga de Elia.

Binh que era Binh.

Iván que era un dos mais malpensados.

Noé que é outro dos malpensados.

Martin B. que é outro malpensado.

Martin P. que é un dos que mais gritaba
ao falar.

Germán que é Germán.

Jose que é Jose.

Tania faloulle a todas esas persoas para
que viñesen o colexio por que lles tiñamos que
explicar algo.

Despois de 30 minutos xa chegaron to-
dos.

Tania e Andrea lles explicaron o que pa-
sou con Ramiro e o que pasou con Elisa. Todos
decidimos que Elisa e Mario fosen para a súa
casa. Nós, os catorce nenos, quedamos no co-
lexio e fomos espiando a Ramiro.

Ramiro non se daba de conta, fixemos
grupos de dous. Os primeiros que foron a espiar
a Ramiro foron Ivan e Noé. O que fixeron foi ir
seguindo a Ramiro.

Ramiro deuse a volta e deuse de conta
que o seguían, asique pasou algo moi malo. Ra-
miro non deixou nin que lles explicara nada. Ra-
miro colleunos e matounos. Andrea e Elia que-
dáronse mirando e marcharon correndo a dicirlllo
aos demais.

Os demais quedáronse coa boca aberta e

Andrea e Tania foron a ver se seguían vivos. Por sorte, aínda tiñan vida. Entón foron a polos chicos a dicirlles que os levasen para a clase para intentar curalos.

Lara traballou de veterinaria e, pois si, hai diferenza, pero Lara conseguiu curalos.

Quedaron tumbados detrás dunha mesa e Lara e Ruth quedáronse coidándoos mentres Andrea foi a mirar o que facía Ramiro.

Ruth foi xunto a Andrea e díxolle que Iván e Noé necesitaban axuda urxente. Enton pensaron en chamar a Elisa para contarlle o que pasou. O problema é que o móbil de Andrea non tiña batería, o único móbil que había no colexio era o de recepción. O malo era que estaba aí Ramiro. Entón Andrea dixo que ela ía a distraer a Ramiro mentres Ruth vai a vixilar e Carla vai a chamar a Elisa.

-Ola Ramiro mira creo que vin un intruso entrando no colexio. - Díxolle Andrea.

- Onde o viches?

- Ven comigo, corre! - Respondeu Andrea.

Fóronse a correr e aí foi cando foron Carla e Tania a chamar a Elisa. Tania quedou vixiando e Carla chamou a Elisa.

O que non pensamos é que non sabemos o número de Elisa, por iso non chamamos.

Tania e Carla marcharon correndo para a clase.

Andrea xa viña con Ramiro para a Recepción, despois Andrea foi para a clase.

Andrea o que non sabía é que a estaba seguindo Ramiro para ver o que facía.

Andrea o chegar a clase foi a falar con Carla para ver si conseguiu chamar.

De súpeto, entrou Ramiro e di:

- Natalia, quen é toda esta xente?

- Son os meus amigos que viñeron comigo. - Respondeu Andrea.

- Vale Natalia, pero ten coidado que non se perdan. - Díxolle Ramiro.

Ramiro marchou e Andrea decidiu marchar para a súa casa, pero antes de marchar tiñan que pensar como sacar a Noé e Iván de alí sen que Ramiro os vise. Entón colleron o seus corpos os chicos mais fortes.

Andrea máis Tania foron a dicirlle a Ramiro que se tiña por aí folios brancos, entón Ramiro foi a buscarlle uns folios. Mentres, foron saíndo todos do colexio, colleron un coche e marcharon.

Andrea máis Tania foron no coche de Andrea e todos os nenos quedaron na casa de Andrea.

- Natalia Iria estades hai? - Dixo Ramiro ao saír da Recepción.

Pero Andrea e Tania xa marcharan. Ao chegar a casa de Andrea, Martín B. decide que volvamos ao colexio, pero que Ramiro non o soubese.

- Vale, pero Lara e Ruth quedade aquí e coidade a Noé e Ivan. - Dixo Andrea.

Capítulo 4

A volta ao colexio

Cando xa chegaran ao colexio, agocharon os coches e entraron con moito coidado para que Ramiro non os mirase.

Andrea e Tania estaban detrás de Ramiro pero a Tania entráronlle as ganas de espirrar e Ramiro pillounas.

- Ola Ramiro, perdón que aparezamos así pero é que queríamos preguntarche si miraches a dous rapaces.

- Como eran os rapaces? - Preguntou Ramiro.

- Un tiña o pelo rizado e o outro era medio calvo.

- Si, sóame de velos pero non sei onde están.

Andrea e máis Tania marcharon correndo para a casa de Elisa para ver se estaba ben.

Elisa deixoulles entrar á súa casa e contáronlle o que pasara.

Elisa díxolles que levaran a Noé e a Iván a casa dela, que ela sabía un pouco de enfermía. Entón foron a casa de Elisa.

Mentres, Martín B. e Carla foron ao colexio a seguir a Ramiro.

Fíxose noite e Martín B. e Carla non viñan a casa de Andrea. entón Martín P. e Germán foron a buscalos, pero cando chegaron alí Carla e Martín B. correndo.

- Que pasou? - Preguntoulles Martín P.

- Vimos a Ramiro aafiando un coitelo e nos asustamos.

Germán chamou a Andrea para contarlle o que dixerá Carla sobre Ramiro.

Andrea decidiu ir en plena noite ao sitio onde estaban eles.

Ao chegar alí, Andrea díxolle a Germán e a Martín P. que levasen a Martín B. e a Carla á súa casa.

Andrea entrou soa a o colexio. Ao entrar encontrouse coa mestra Patricia, que era a mestra que antes lles daba educación física.

- Ola mestra Patricia, que fas aquí pola noite?

- Ola es Andrea?estou traballando que me faltaron un par der cousas. - Dixo a mestra Patricia dubidando de se a estaba recoñecendo.

- Mestra, tes que marchar xa porque aquí está o home que matou á directora de fai 25 anos. Vai ser mellor que marches correndo. - Advertiulle Andrea.

A mestra fíxolle caso e marchou correndo pero antes de marchar preguntoulle a Andrea.

- E ti vas a quedar aquí?

Andrea díxolle que si. A mestra marchou e Andrea quedou soa e pasou o que ninguén quería que pasara.

Ramiro atrapara a Andrea.

Capítulo 5

O secuestro de Andrea

Ramiro secuestrou a Andrea e atouna nunha clase.

- Ramiro, por que me ataches a unha cadeira?

- Ti xa sabes por que. - Contestou Ramiro. - Mira o que teño aquí. - Dixo sacando un coitelo.

Andrea asustouse pero nese momento entraron Martín B. e Carla cun pau e déronlle na cabeza a Ramiro.

- Que crías que che deixáramos aquí soa?
- Díxolle Carla a Andrea.

- Moitas grazas por pouco pensaba que morría. - Dixo Andrea chorando.

Carla desatou a Andrea.

Andrea, Carla e máis Martín B. marcharon correndo antes de que se despertase Ramiro. Foron ao coche e marcharon a casa de Andrea.

Ao día seguinte, Andrea espertou e mandou unha mensaxe por un grupo que crearon todos.

ANDREA - Ola, que tal? Despois do que

pasou onte eu xa non vou a volver aí, por iso pensei en que Tania pode ir ao colexio como profesora xa que de verdade é profesora. Ademais Ramiro non a coñece.

TANIA - Ola Andrea, é unha gran idea. O único é que non lles fai falta nin unha profesora.

ANDREA - Onte, antes de que pasara todo o que pasou estiben falando coa mestra de educación física e o mellor pódolle dicir se pode contratar a Tania coma unha nova mestra de primaria.

ELIA - Ola Andrea, eu creo que é unha gran idea.

TANIA - E cando empezaría?

ANDREA - Pois non sei, falaría coa mestra a ver cando empezaría.

Andrea foi a falar coa mestra de educación física e lle contou todo o que falaran e a mestra dixo que si. Entón Andrea volveu falar polo grupo.

ANDREA - Ola Tania, acabo de falar coa mestra e dixo que serías mestra de matemáticas en 5º de primaria e que empezaría mañá.

TANIA - Vale moitas grazas, entón mañá empezamos.

RUTH – Ola, queríavos contar que Ivan e Noé xa despertaron e que xa están mellor. Cón-tolles o que está pasando agora ou non llo digo?

ANDREA - Eu creo que non llo deberiamos contar por que acaban de despertar.

ELIA - Hai que esperar un pouco.

MARTÍN B. - Non llo deberíamos contar.

BINH - Non llo contamos e punto.

Ao día seguinte, Tania foi a colexio. Ramiro mirouna e foi falar con ela.

- Ola es a nova mestra verdade?

- Si, son eu. - Contestou Tania

Tania marchou para a clase de 5º e, ao chegar os nenos, presentouse e díxolles a todos que a ela non lle gustaban as matemáticas, entón que van a facer día libre. Os nenos podían facer o que quixeran.

Os nenos pedíronlle ir ao patio, entón Tania levounos e dixéronlle para xogar á pita. Tania dixo que si e empezaron a xogar.

Despois de terminar de xogar foron a dentro e pintaron. Tania puxo musica porque non quería que o colexio fose aburrido.

Despois, na hora do recreo Elia foi ao colexio a facerlle unha visita a Tania.

- Ola que tal? Andrea mandoume aquí para ver que tal estabas e a ver se necesitabas algo.

- Estou xenial, grazas. Non preciso nada. -Contestou Tania.

Entón, Elia marchou e Tania foi ao recreo a ver que tal estaban os nenos e se necesitaban algo.

Ao día seguinte foron de excursión.

Capítulo 6

A excursión

Hoxe é o día da excursión e Tania está moi feliz. Antes de ir ao colexio Tania foi a casa de Andrea a almorzar.

- Como foi o primeiro día? - Preguntou Andrea.

- Moi ben. - Respondeu Tania.

Despois, Tania foi xa ao colexio e nada máis entrar viu a Ramiro falar por teléfono. Pero é que Tania non escoitaba, entón achegouse máis. O único é que tirou unha planta e Ramiro xirouse moi rápido.

Tania inventouse que lle caera unha lentilla, entón Ramiro axudouna e Andrea marchou correndo.

Tania foi no mesmo autobús no que vai Ramiro. Tania tiña moito medo xa que vai a un sitio moi lonxe entón Andrea vai detrás do autobús.

Ao chegar ao museo, Tania foi un momento ao baño e, ao saír, deuse de conta que faltaba un pequeno.

Nese momento chégalle unha mensaxe de Ramiro.

RAMIRO - Se queres recuperar ao neno tes que dicirle á túa amiga que marche e que non te siga.

Tania asustada chamou a Andrea e lle dixo que marchase. Andrea preguntoulle por que. Tania díxo que estaba todo ben.

Antes de nada, cando Andrea e Tania eran pequenas tiñan un linguaxe secreta e cando había un problema dicían A5.

Entón, Tania antes de cortar lle dixo A5. Andrea despois de que colgara chamou a todos e viñeron correndo a axudala entraron todos ao museo e encontraron a Tania moi asusta e chorando. Ramiro estaba ao lado de ela.

-Por que fas isto? - Preguntoulle Andrea a Ramiro.

- Porque mo fixeron a min hai 25 anos. - Respondeu Ramiro.

Andrea colleu unha botella sen que Ramiro se dese de conta.

- Ven, Ramiro, imos falar.

Cando Ramiro se achegou, Andrea deulle coa botella na cabeza e colleu a Tania máis aos nenos e marcharon de alí.

Andrea díxolles aos profesores que marcharan correndo. Entón marcharon e chamaron aos profesores e á policía para que viñese a por Ramiro por secuestro.

Cando chegou a policía e colleron a Ramiro, Andrea explicoulles o que pasou.

Ramiro foi a prisión e Andrea e máis os seus amigos marcharon para as súas casas.

Antes de marchar contáronlle a Elisa e a Mario o que pasou e que Ramiro foi para a prisión. Elisa púxose moi feliz, igual que Mario.

Artefactos Nativos es un laboratorio editorial especializado en internet en el que se explora la poética de la web y se imprimen pantallas en forma de fanzines, libros experimentales, ediciones piratas y obras de escritura no-creativa.

ANDREA, A NENA MARABILLA é unha maravilla.

Hiperpublicación 100/24 es un encuentro de 24 horas en el que se crean, maquetan y editan 100 libros utilizando técnicas de escritura no-creativa y material apropiado de internet.

Barcelona, 2020.